

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

| Código   | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|--------|----------|---------------|
| 36011579 | A Guía | Vigo     | 2023/2024     |

**Ciclo formativo**

| Código da familia profesional | Familia profesional  | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo        | Grao                               | Réxime                |
|-------------------------------|----------------------|---------------------------|------------------------|------------------------------------|-----------------------|
| COM                           | Comercio e márketing | CSCOM02                   | Comercio internacional | Ciclos formativos de grao superior | Réxime de proba libre |

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

| Código MP/UF | Nome                                       | Curso     | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|--|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0622       | Transporte internacional de mercadorías    | 2023/2024 | 0                | 187          | 0              |
| MP0622_12    | Modos de transporte                        | 2023/2024 | 0                | 150          | 0              |
| MP0622_22    | Protección física e xurídica da mercadoría | 2023/2024 | 0                | 37           | 0              |

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

|                                |                     |
|--------------------------------|---------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | YAGO SAURA CAMBEIRO |
| Outro profesorado              |                     |

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultados de aprendizaxe do currículo   |
|--|
| (MP0622_22) RA1 - Determina os elementos que garanten a integridade e o tránsito das mercadorías, identificando as situacións de risco habituais.  |
| (MP0622_12) RA1 - Determina a conveniencia dos modos e os medios de transporte, logo de avaliar as alternativas.   |
| (MP0622_22) RA2 - Tramita o seguro das mercadorías durante o transporte, axustándose á normativa e ás condicións establecidas no contrato de compravenda internacional.  |
| (MP0622_12) RA2 - Selecciona os modos e medios de transporte e as rutas óptimas, logo de analizar as alternativas.   |
| (MP0622_12) RA3 - Elabora e formaliza contratos de transporte, para o que calcula os custos correspondentes.   |
| (MP0622_12) RA4 - Formaliza e xestiona a documentación das operacións de transporte internacional, analizando os requisitos exixidos en cada modo e medio de transporte utilizado, en función da mercadoría enviada. |
| (MP0622_12) RA5 - Secuencia as fases habituais do transporte e as posibles incidencias, utilizando os sistemas de comunicación, xestión e supervisión adecuados en cada operación.                                   |

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

| Criterios de avaliación do currículo   |
|--|
| (MP0622_12) CA1.1 Descríbóronse os modos de transporte.  |
| (MP0622_22) CA1.1 Identificouse a lexislación específica segundo o tipo de produto, a mercadoría perigosa e perecedoira, animais vivos ou de gran volume.                                  |
| (MP0622_12) CA1.2 Definíronse as características e os medios de transporte utilizados en cada modalidade.  |
| (MP0622_12) CA1.3 Interpretáronse as normas básicas que regulan as modalidades de transporte e clasificáronse as súas variables, para o que se analizaron as vantaxes e os inconvenientes. |
| (MP0622_12) CA1.4 Determináronse as alternativas segundo a mercadoría e os puntos de orixe e de destino.   |
| (MP0622_22) CA1.4 Fixáronse as necesidades específicas para a estiba e a colocación de mercadorías segundo a súa natureza e a cadea de transporte utilizada.                               |

| <b>Criterios de avaliación do currículo</b>  |
|--|
| (MP0622_12) CA1.5 Recoñecéronse as infraestruturas loxísticas dispoñibles.   |
| (MP0622_22) CA1.5 Valorouse a importancia de dar instrucións concretas e delimitado as competencias dos axentes externos que interveñen nas operacións de transporte.  |
| (MP0622_12) CA1.6 Valoráronse os requisitos e a lexislación específica aplicable ás mercadorías perigosas.   |
| (MP0622_12) CA1.7 Recoñecéronse as funcións dos profesionais que poden intervir nas expedicións internacionais.  |
| (MP0622_12) CA1.8 Analizouse a normativa legal española e internacional aplicable, segundo o modo de transporte e a operación.   |
| (MP0622_12) CA2.1 Recoñecéronse os elementos básicos da xeografía viaria, ferroviaria, marítima e aérea dos estados membros da Unión Europea e doutros países.   |
| (MP0622_22) CA2.1 Descríbóronse as características básicas dun contrato de seguro no transporte internacional de mercadorías e os elementos que o constitúen.  |
| (MP0622_12) CA2.2 Obtívose información sobre posibles provedores e os servizos que prestan, en función das características da operación e dos medios de transporte.  |
| (MP0622_12) CA2.3 Recoñecéronse as áreas de cobertura da ruta e os puntos operativos estratéxicos.   |
| (MP0622_22) CA2.3 Determináronse os sistemas de protección xurídica das mercadorías e os tipos de pólizas de seguro máis utilizadas no comercio internacional, segundo a modalidade de transporte utilizado. |
| (MP0622_12) CA2.4 Valoráronse as rutas dispoñibles, os puntos de intercambio óptimos, as características do produto, o seu destino e as condicións de contrato, para seleccionar a ruta máis adecuada.       |
| (MP0622_22) CA2.4 Utilizáronse as cláusulas que habitualmente se inclúen nas pólizas de seguro.  |
| (MP0622_12) CA2.5 Analizáronse todos os compoñentes de custos, prazos de recollida, entrega da mercadoría e riscos, para a selección da ruta óptima.   |
| (MP0622_22) CA2.5 Establecéronse os procedementos de contratación do seguro nas operacións de comercio internacional.  |
| (MP0622_12) CA2.6 Consideráronse as posibilidades de consolidación e/ou transbordo da mercadoría, así como a fragilidade e o perigo da mercadoría.   |
| (MP0622_22) CA2.6 Seleccionouse a póliza de seguro máis adecuada para cada operación de comercio internacional segundo as características das mercadorías e os modos de transporte utilizados na expedición. |
| (MP0622_12) CA2.7 Analizáronse as vantaxes e os inconvenientes de externalizar algunhas ou todas as fases do transporte.   |
| (MP0622_22) CA2.7 Estableceuse o procedemento que cumpra seguir en caso de sinistro ou incidencias xurdidas nas operacións de comercio internacional cubertas cunha póliza de seguro.                        |

**Crterios de avaliación do currículo**

(MP0622\_12) CA2.8 Definíronse indicadores de calidade que permitan valorar as decisións tomadas e aplicar melloras en futuras operacións.

(MP0622\_22) CA2.8 Obtívose información sobre as principais compañías de seguros que operan no mercado, tramitando os riscos a través das ferramentas informáticas das súas páxinas web.

(MP0622\_12) CA2.9 Valorouse a aposta por medios que contribúan a políticas de conservación ambientais.

(MP0622\_12) CA3.1 Descríbóronse os contratos de transporte tendo en conta os incoterms e as obrigas de cada unha das partes contratantes.

(MP0622\_12) CA3.2 Seleccionouse e formalizouse o modelo de contrato do servizo de transporte, segundo os modos utilizados.

(MP0622\_12) CA3.3 Identificouse a normativa, as técnicas e o sistema de tarifas aplicable a cada medio de transporte.

(MP0622\_12) CA3.4 Interpretáronse as cláusulas habituais e os compoñentes do custo do servizo de transporte terrestre, marítimo, aéreo e multimodal.

(MP0622\_12) CA3.7 Valoráronse os custos adicionais e os riscos que se poden orixinar en función da mercadoría, o medio de transporte e a ruta.

(MP0622\_12) CA3.8 Relacionáronse as incidencias producidas nas operacións coas actuacións posteriores para a súa resolución.

(MP0622\_12) CA4.1 Seleccionáronse os documentos de porte e tránsito necesarios segundo os produtos, a ruta, os modos e os medios de transporte.

(MP0622\_12) CA4.2 Determinouse a tipoloxía de permisos de circulación ou navegación requiridos en cada modalidade de transporte, e os trámites para a súa expedición e a súa renovación.

(MP0622\_12) CA4.3 Xestionáronse os permisos e as autorizacións previas necesarias.

(MP0622\_12) CA4.4 Verificáronse os importes, as datas e os prazos de toda a documentación.

(MP0622\_12) CA4.5 Descríbóronse os procesos de inspección das operacións de exportación, importación, entregas intracomunitarias, adquisicións intracomunitarias e de compra ou venda domésticas.

(MP0622\_12) CA4.6 Aseguráronse as condicións de seguimento e rastrexabilidade da mercadoría.

(MP0622\_12) CA4.7 Seleccionáronse os soportes de rexistro e arquivo, e o sistema de clasificación e mantemento máis adecuado para a operativa de transporte internacional.

(MP0622\_12) CA4.8 Respectáronse os niveis de protección, seguridade e acceso á información, así como a normativa.

(MP0622\_12) CA4.9 Aplicáronse, na formalización e no arquivo da documentación, as técnicas dos tres erres (reducir, reutilizar e reciclar).

| Criterios de avaliación do currículo  |
|---|
| (MP0622_12) CA5.1 Analizouse a importancia da localización da mercadoría ao longo do percorrido.  |
| (MP0622_12) CA5.2 Sinaláronse os medios de seguimento e supervisión de cada operación.  |
| (MP0622_12) CA5.3 Determináronse os medios ou as aplicacións de comunicación e información óptimos para cada operación, modo de transporte, ruta e destino.                   |
| (MP0622_12) CA5.4 Comprobose que as instrucións dadas a todos os profesionais que interveñen se axusten ao procedemento establecido para cada operación e modo de transporte. |
| (MP0622_12) CA5.5 Definíronse as actuacións que cumpra realizar en caso de sinistro ou incidencia.  |
| (MP0622_12) CA5.6 Especificáronse os indicadores de calidade do servizo de transporte e as actuacións en caso de desviacións endóxeas repetitivas.                            |

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultados de aprendizaxe do currículo   |
|--|
| (MP0622_22) RA1 - Determina os elementos que garanten a integridade e o tránsito das mercadorías, identificando as situacións de risco habituais.  |
| (MP0622_22) RA2 - Tramita o seguro das mercadorías durante o transporte, axustándose á normativa e ás condicións establecidas no contrato de compravenda internacional.  |
| (MP0622_12) RA2 - Selecciona os modos e medios de transporte e as rutas óptimas, logo de analizar as alternativas.   |
| (MP0622_12) RA3 - Elabora e formaliza contratos de transporte, para o que calcula os custos correspondentes.   |
| (MP0622_12) RA4 - Formaliza e xestiona a documentación das operacións de transporte internacional, analizando os requisitos exigidos en cada modo e medio de transporte utilizado, en función da mercadoría enviada. |

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

| Criterios de avaliación do currículo  |
|---|
| (MP0622_22) CA1.2 Seleccionáronse os medios de protección física, as embalaxes e/ou as coberturas exteriores adecuadas á mercadoría, así como o medio de transporte e as posibles manipulacións nos centros de carga. |

**Cráterios de avaliación do currículo**

(MP0622\_22) CA1.3 Descríbóñse as condicións de sinalización, rotulaxe e etiquetaxe necesarias.

(MP0622\_22) CA2.2 Identifícanse os riscos máis habituais nunha operación de compravenda internacional de mercadorías e as necesidades de cobertura, para garantir a chegada das mercadorías ao seu destino nas debidas condicións.

(MP0622\_12) CA2.4 Valoráronse as rutas dispoñibles, os puntos de intercambio óptimos, as características do produto, o seu destino e as condicións de contrato, para seleccionar a ruta máis adecuada.

(MP0622\_12) CA2.5 Analizáronse todos os compoñentes de custos, prazos de recollida, entrega da mercadoría e riscos, para a selección da ruta óptima.

(MP0622\_12) CA2.6 Consideráronse as posibilidades de consolidación e/ou transbordo da mercadoría, así como a fragilidade e o perigo da mercadoría.

(MP0622\_22) CA2.6 Seleccionouse a póliza de seguro máis adecuada para cada operación de comercio internacional segundo as características das mercadorías e os modos de transporte utilizados na expedición.

(MP0622\_12) CA2.7 Analizáronse as vantaxes e os inconvenientes de externalizar algunhas ou todas as fases do transporte.

(MP0622\_22) CA2.7 Estableceuse o procedemento que cumpra seguir en caso de sinistro ou incidencias xurdidas nas operacións de comercio internacional cubertas cunha póliza de seguro.

(MP0622\_12) CA2.8 Definíronse indicadores de calidade que permitan valorar as decisións tomadas e aplicar melloras en futuras operacións.

(MP0622\_22) CA2.8 Obtívose información sobre as principais compañías de seguros que operan no mercado, tramitando os riscos a través das ferramentas informáticas das súas páxinas web.

(MP0622\_12) CA2.9 Valorouse a aposta por medios que contribúan a políticas de conservación ambientais.

(MP0622\_12) CA3.1 Descríbóñse os contratos de transporte tendo en conta os incoterms e as obrigas de cada unha das partes contratantes.

(MP0622\_12) CA3.2 Seleccionouse e formalizouse o modelo de contrato do servizo de transporte, segundo os modos utilizados.

(MP0622\_12) CA3.3 Identificouse a normativa, as técnicas e o sistema de tarifas aplicable a cada medio de transporte.

(MP0622\_12) CA3.4 Interpretáronse as cláusulas habituais e os compoñentes do custo do servizo de transporte terrestre, marítimo, aéreo e multimodal.

(MP0622\_12) CA3.5 Calculouse o custo de operacións de transportes por estrada, ferroviarios, marítimos, aéreos e multimodais, cos medios informáticos axeitados.

(MP0622\_12) CA3.6 Calculouse o valor da mercadoría nun punto determinado da ruta.

(MP0622\_12) CA4.4 Verificáronse os importes, as datas e os prazos de toda a documentación.

### 3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Todos os elementos curriculares (resultados de aprendizaxes, criterios de avaliación e bloques de contidos asociados) deste módulo son mínimos exigibles e poden ser preguntados en calquera das partes da proba. Cada proba valorarase sobre 10 puntos sendo preciso para acadar o aprobado un mínimo de 5 puntos en cada unha das probas. Para a realización da proba práctica, exisirase, con carácter previo, ter acadado un aprobado na proba teórica.

A cualificación final, sempre que estean aprobadas as dúas partes da proba, realizarase mediante unha media aritmética das dúas cualificacións, teórica e práctica.

O enunciado da proba conterá unha cabeceira coa información do tipo de proba (por exemplo: parte teórica proba libre) a data de realización e aquelas cuestións que se consideren precisas para un bo desenvolvemento das mesmas (normas de actuación, material a utilizar, tempo máximo de duración, etc...).

Todas as partes da proba especificarán en cada cuestión a desenvolver, a puntuación máxima que se obterá

Primeira parte da proba.

Parte teórica:

Conterá un número significativo de cuestións dos RAs correspondentes aos contidos teóricos do módulo que acredite o coñecemento dos mesmos divididos en cuestións a desenvolver e/ou cuestións tipo test:

- As cuestións a desenvolver se corruxirán seguindo un padrón de corrección onde a cualificación valorarase do seguinte xeito: pregunta completa 100% da cualificación, pregunta case completa 75% da cualificación, pregunta aceptable (mínimo) 50% da cualificación, pregunta incompleta 25% da cualificación, pregunta moi incompleta 5% da cualificación.

A primeira parte da proba. Parte teórica consistirá nunha serie de entre 10 e 15 preguntas a desenvolver sobre os contidos relacionados cos criterios de avaliación de cada unidade didáctica que se corresponden con cada un dos RA da programación.

Segunda parte da proba. Parte práctica:

Conterá un número significativo de cuestións dos RAs correspondentes aos contidos prácticos do módulo que acredite o coñecemento dos mesmos divididos en exercicios prácticos de varios tipos que poden conter

cálculos dos prezos de transporte, das indemnizacións por perda o danos nas mercadorías, cumprimentación de carta de porte, contratos de transporte, equivalencias de cargas, problemática de INCOTERMS, cálculo de custos dun depósito franco, planificación de rutas, cálculo de cobertura, exercicios relacionados coa protección xurídica do transporte, etc...

- Os cálculos serán corrixidos seguindo padróns de corrección e listas de cotexo onde se incluírán as secuencias dos cálculos e a súa valoración para obter o total da cualificación.

- No resto de cuestións prácticas se darán instrucións sobre os apartados a desenvolver e a cualificación de cada un deles. Serán corrixidos cunha rúbrica adaptada a cada cuestión concreta cos seguintes niveis de logro: completo/excelente 100% da cualificación do indicador de que se trate; case completo/bo 75%; aceptable (mínimo) 50% e insuficiente do 0% ao 40%.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

Constará de preguntas a desenvolver e/ou dun número significativo de cuestións tipo test sobre os contidos teóricos do módulo dos seguintes contidos teóricos do módulo:

##### CONTIDOS DA PROBA ESCRITA

Unidade formativa 1:

- Modos de transporte.
- Características e os medios de transporte utilizados en cada modalidade.
- Normas básicas que regulan as modalidades de transporte e clasificáronse as súas variables, para o cal se analizaron as vantaxes e os inconvenientes.
- Alternativas segundo a mercadoría e os puntos de orixe e de destino.
- Infraestruturas loxísticas dispoñibles.
- Lexislación específica aplicable ás mercadorías perigosas, ATP animais vivos e transportes especiais.
- Normativa legal española e internacional aplicable, segundo o modo de transporte e a operación.
- Modos e medios de transporte e as rutas óptimas, logo de analizar as alternativas.
- Documentos de porte e tránsito necesarios segundo os produtos, a ruta, os modos e os medios de transporte.
- Importes, as datas e os prazos de toda a documentación.
- Procesos de inspección das operacións de exportación, importación, entregas intracomunitarias, adquisicións intracomunitarias e de compra ou venda domésticas.



En canto a unidade formativa 2 :

- Lexislación específica segundo o tipo de produto, a mercadoría perigosa e perecedeira, animais vivos ou de gran volume.
  - Os medios de protección física, as embalaxes e/ou as coberturas exteriores adecuadas á mercadoría, así como o medio de transporte e as posibles
  - Manipulacións nos centros de carga.
  - Condicións de sinalización, rotulaxe e etiquetaxe necesarias.
  - Necesidades específicas para a estiba e a colocación de mercadorías segundo a súa natureza e a cadea de transporte utilizada.
- seguro das mercadorías durante o transporte, axustándose á normativa e ás condicións establecidas no contrato de compravenda internacional.
- Características básicas dun contrato de seguro no transporte internacional de mercadorías e os elementos que o constitúen.
- riscos máis habituais nunha operación de compravenda internacional de mercadorías e as necesidades de cobertura, para garantir a chegada das mercadorías ao seu destino nas debidas condicións.
- Sistemas de protección xurídica das mercadorías e os tipos de pólizas de seguro máis utilizadas no comercio internacional, segundo a modalidade de transporte utilizado.
  - Cláusulas que habitualmente se inclúen nas pólizas de seguro.

#### 4.b) Segunda parte da proba

##### PROBA PRÁCTICA

Conterá un número significativo de cuestións dos RAs correspondentes aos contidos prácticos do módulo que acredite o coñecemento dos mesmos divididos en exercicios prácticos de varios tipos que poden conter cálculos dos prezos de transporte, das indemnizacións por perda o danos nas mercadorías, cumprimentación de carta de porte, contratos de transporte, equivalencias de cargas, problemática de INCOTERMS, cálculo de custos dun depósito franco, planificación de rutas, cálculo de cobertura, exercicios relacionados coa protección xurídica do transporte, etc...

Algúns exemplos das cuestións posibles da proba escrita son:

1º Elaborar Contratos de transporte tendo en conta os incoterms e as obrigas de cada unha das partes contratantes  
modelo de contrato do servizo de transporte, segundo os modos utilizados.

2º Exercicio sobre os compoñentes do custo do servizo de transporte terrestre, marítimo, aéreo e multimodal.

3º Valorar os custos adicionais e os riscos que se poden orixinar en función da mercadoría, o medio de transporte e a ruta.

Relacionar as incidencias producidas nas operacións coas actuacións posteriores para a súa resolución. Cálculo Indemnizacións.

4º Cumplimentación de documentos de transporte, B/L, AWB, RWB, CMR

5º Cálculo de indemnizacións por perda, danos ou averías nas mercadorías segun o modo de transporte.

6º Casos prácticos nos que se determine a responsabilidade da parte compradora ou da vendedora, na entrega das mercancías segundo o Incoterm 2020 pactado